



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA



Ola rapaces e rapazas do concello de Baiona, son Carlos Gómez, o alcalde do voso pobo.

Dende o día 14 de marzo, día no que se estableceu o estado de alarma sanitaria no noso país por mor da pandemia xerado polo coronavirus, sodes un exemplo para a nosa sociedade.

Son consciente que a situación non é a máis dodata para ninguén, pero vós soubestes adaptarvos.

De súpeto tivestes que deixar de asistir as vosas clases, de deixar de quedar cos colegas e de disfrutar do voso ocio.

A vosa forma de asistir a clase e poder continuar coa vosa formación tamén mudou, xa que son coñecedor de que a vosa formación continua de forma online. E sei que estades a cumplir, síntome moi orgulloso de todos e cada un de vos.

Sabedes que, dentro de dita situación, sodes un pouco privilexiados, xa que grazas as novas tecnoloxías coas que estades familiarizados, podeis estar en contacto cos vosos amigos, familiares...

Agradecervos o voso compromiso con toda a sociedade e desexo que en breve poidamos dalgunha maneira volver a normalidade.

Pónome á vosa disposición por si queredes contarme algo, por exemplo como o estades pasando, se tedes algunha pregunta, calquera cousa que queirades dicirme e para iso facilítovos este correo electrónico: concelleria.cultura@baiona.org

